



ACTUALIZACIÓN V2 PLAN DE CONTINXENCIA CONTRA O CORONAVIRUS

14 marzo 2020

INTRODUCION

Coa publicación do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19 a Unidade de Seguimento do COVID-19 do CEESG aprobou as seguintes actualizacións de medidas:

Cancélase toda atención colexial dado que os prazos administrativos foron suspendidos segundo a Disposición Adicional Terceira decretada na resolución do estado de alarma.

Entroncado co anterior, prodúcese a suspensión dos prazos administrativo do CEESG dende hoxe ate que se levante a suspensión polo Goberno Estatal.

Mantense a actividade do CEESG, en canto atención colexial e a persoas usuarias, e demais tarefas administrativas e de xestión propias do funcionamento do Colexio.

Apróbase o teletraballo para a totalidade de traballadoras do CEESG. Independentemente da organización do traballo a desempeñar polas mesmas, que será baixo as directrices da Xunta Directiva do CEESG establécense as seguintes normas de seguridade:

1. Cada traballadora disporá do equipo informático do CEESG asignado.
2. Non poderán extraer información do equipo titularidade do CEESG nin por medios telemáticos nin manuais para o uso persoal.
3. O selos e cuños físicos do CEESG quedarán baixo a custodia da traballadora con máis antigüidade de traballo no CEESG.
4. Para aqueles supostos nos que se deba selar algún documento, dado que a Xunta Directiva tamén teletraballará para o CEESG, debese enviar o documento á quen corresponda, para que o asine dixitalmente e só cando teña o documento asinado dixitalmente e a autorización expresa procederá a selar o documento.
5. Para protección posterior das traballadoras queda prohibido que utilicen os seus teléfonos propios. O teléfono fixo do CEESG será derivado ao teléfono móbil do mesmo. De ser posible, adquiriranse dous teléfonos máis titularidade do CEESG para o resto de traballadoras. Acórdase estudar esta posibilidade, así como se é posible que envíen as tarxetas, ou os operativos, de ser preciso directamente ao domicilio das traballadoras.

6. No caso de precisar acudir ao CEESG na procura de material preciso e indispensable para o desenvolvemento do traballo, as persoas que así o precisen deberán solicitalo á unidade de seguimento, e esta, tras valorar a necesidade, no caso de aceptala adoptará mínimo as seguintes medidas:
- a. Prohibición de que haxa mais dunha persoa na sede do CEESG.
 - b. Obrigatoriedade de limpar correctamente antes de saír
 - c. Baleirado absoluto das papeleiras e colocación dunha bolsa na mesma baleira.
 - d. Uso de aseos: Evitaranse utilizar. No caso de ser preciso, deberanse limpar correctamente antes de saír.
 - e. Sobre estas ultimas medidas considérase que nestes intres non se desprestixia a categoría profesional nin as competencias que veñen reguladas por contrato, dada a situación de alarma decretada. De tódolos xeitos, se algunha traballadora non quere realizar estas actividades de hixiene social, indicarao a esta Unidade para que proceda á contratación de persoal de limpeza, no caso de apreciar que a necesidade de acudir ao CEESG é primordial.